

As linguas románicas considéranse formadas a partir do século VIII oralmente, e progresivamente irán aparecendo os primeiros textos escritos nelas. Durante setecentos anos (do s. IX ata o XV) o galego vivirá unha situación de normalidade lingüística, sendo un dos idiomas máis prestixiosos da Península Ibérica, no que se educaban reis e nobres de Galicia, Portugal e os monarcas de Castela e León. A lingua deste período recibe o nome de galego antigo ou galego-portugués (por ser a mesma a lingua falada a ambos lados do Miño, tronco común do que proceden o galego e o portugués actual).

A nivel oral toda a poboación era monolingüe en galego e cumpría todas as funcións sociais (excepto nos ritos eclesiásticos, onde se seguía utilizando o latín).

A nivel escrito, o galego comeza a disputarlle ao latín desde o século XII ámbitos culturais e da administración nos que ata ese momento só se utilizaba o latín. Os primeiros textos escritos en galego-portugués datan de arredor de 1175. O século XIII coincide co período de esplendor da literatura trobadoresca en galego, cuxa primeira cantiga data de fins do século XII. A fins desa etapa de esplendor xorden tamén as primeiras obras en prosa literaria en galego, así como traducións ao galego de obras de historia escritas en latín ou en castelán. Fóra do ámbito literario, o galego utilízase para áreas da administración civil e de xustiza, na economía, na ciencia e na técnica, e mesmo na vida eclesiástica e relixiosa. Todos os documentos públicos e privados son redactados na única lingua que a poboación fala, o galego.

A mediados do século XIII o rei Fernando III envía nobres foráneos castelán-falantes para gobernaren o antigo reino de Galicia. É a primeira penetración oficial do castelán no territorio onde ata daquela só se falaba galego. A mediados do s. XIV a situación cultural empeora e prodúcese unha tendencia á castelanización da clase dominante galega. Galicia pasa a integrarse no reino de Castela, sen corte nin organismo autónomo ningún que favoreza a oficialización da lingua. Ata entón o castelán só se empregaba nos escritos que procedían da corte de Castela, mais non nos que se orixinaban dentro do territorio galego. Pero como consecuencia deste proceso de perda de entidade política e cultural e das medidas uniformizadoras tomadas desde a corte de Castela, o castelán comezará a aparecer nos textos notariais e nos documentos públicos (aqueles nos que o galego conseguira tempo antes desprazar ao latín). O castelán foi converténdose na lingua hexemónica en todos os reinos peninsulares, agás en Portugal. Portugal nace como reino autónomo a comezos do século XII (1128), ao se separar de León, afástase tamén de Galicia, o que co pasar do tempo implicará a diferenciación das linguas faladas ao sur e ao norte do río Miño. O portugués consolídase como lingua oficial da corte portuguesa desde o primeiro momento da existencia do reino de Portugal.

En canto ás características lingüísticas do galego antigo, o galego desta época presenta unha gran variabilidade lingüística e inestabilidade gráfica, debido á necesidade de buscar solucións para os novos fonemas xerados en galego e inexistentes en latín (presenza de vogais nasais, solucións gráficas distintas para as consoantes palatais), e abundancia de préstamos do provenzal e do francés.